

## Reforzo Unidade 1

Nome: \_\_\_\_\_ Curso: \_\_\_\_\_ Data: \_\_\_\_\_

### Coñecemento da lingua

#### 1. Ordena as palabras seguintes e forma con elas oracións.

- cine, Manuel, coa, curmá, foi, ao, súa, venres, o.

\_\_\_\_\_

- preguntaches, outro, lle, día, ao, pai?, teu, o, Que.

\_\_\_\_\_

- que, un, comprar, xersei, Teño, novo, luns, o, para.

\_\_\_\_\_

#### 2. Ordena as oracións seguintes para formar un parágrafo.

- Púxose a dar voltas pola vila na busca do tunante que lle roubara o botón.
- A señora Elisabet tiña unha tenda de teas pequeniña; sobre a porta penduraba un gran botón de nácara.
- Despois dunha noite de brétema, viu sorprendida que lle desaparecera.

#### 3. Ordena os parágrafos seguintes para formar un texto.

- Pero a auga escoaba por entre os vimbios do cesto, e era ben difícil que chegase unha pinga. E os mozos marchaban tristes.
- Mabale poñíalles unha proba a todos os mozos que lle pedían permiso para casar coa súa filla. A proba era a seguinte: tiñan que traerlle desde o río un cesto cheo de auga.
- Hai moitos anos, nunha aldea á beira do río, vivía un home que se chamaba Mabale. Tiña unha filla moi fermosa.

#### 4. Elabora ti agora unha oración, a partir dela constrúe un parágrafo e a partir del, un texto.

\_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_

## Reforzo Unidade 1

Nome: \_\_\_\_\_ Curso: \_\_\_\_\_ Data: \_\_\_\_\_

### Coñecemento da lingua

#### 1. Completa.

- As palabras \_\_\_\_\_ levan tónica a última sílaba e acentúanse cando rematan en vogal, vogal + **-n**, **-s** e **-ns**.
- As palabras \_\_\_\_\_ levan tónica a penúltima sílaba e acentúanse cando rematan nunha consoante distinta de **-n**, **-s** ou grupos distintos de **-ns**.
- As palabras esdrúxulas levan tónica a \_\_\_\_\_ sílaba e acentúanse todas.

#### 2. Pon cinco exemplos de cada tipo de palabra.

---

---

---

---

---

#### 3. Ponlles acento gráfico ás palabras seguintes se o precisan e clasifícaa.

Curma	Ridiculo	Chicharos	Pobre
Moscon	Compas	Nevar	Fame
Correr	Difícil	Util	Tunica
Datil	Tose	Coitelo	

AGUDAS	GRAVES	ESDRÚXULAS

#### 4. Escribe o ditado.

---

---

---

---

---

## Reforzo Unidade 1

Nome: \_\_\_\_\_ Curso: \_\_\_\_\_ Data: \_\_\_\_\_

### Literatura

#### 1. Le os textos seguintes.

Un siseo colectivo rubricou as palabras do italiano, que con aprendida solemnidade baixou da tribuna encamiñándose teatralmente cara ao lugar da máquina. Subiu alí a un pequeno tallo para afrouxar a lámpada que daba luz ao barracón e o pequeno barullo que se iniciou na escuridade foi acalado deseguida polos murmurios desaprobatorios da maioría. Un dito aceirado e gracioso sobre a chepa da italiana quedou conxelado no aire sen resposta. A emoción da sala entrou no corazón de Ilustrísima, que se puxo a bater acelerado.


Carlos CASARES

Cabalgan as cores  
das luces do día  
envoltas en flores.

E os pícaros ledos  
envoltos nas risas  
de cen mil enredos.

Co meu papaventos  
van o sol e a lúa  
e a rosa dos ventos.

Xoán BABARRO



#### 2. Contesta.

- Cales son os xéneros literarios dos textos anteriores? Cal falta?

---

---

- Busca e escribe un texto do xénero literario que falta.

---

---

---

---

---